CONVOCATORIA
2026
RESIDENCIAS
PARAÍSO

RPM
RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS

DEZ ANOS DE PROGRAMA

Abrimos a décima edición da convocatoria anual de **Residencias Paraíso**, o programa de residencias artísticas para a danza e as artes vivas impulsado por **RPM**, como entidade independente adicada ao impulso da danza e as artes vivas de creación contemporánea en Galicia, e o apoio da Xunta de Galicia a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**, e das distintas institucións coprodutoras do programa, **Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, Concello de Vimianzo, Concello de Carballo, Concello de Oleiros, Concello de Ponteareas, Concello de Ribadavia, Deputación de Pontevedra** e **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**.

Residencias Paraíso é un programa nacido para acompañar procesos de investigación e creación arredor das artes vivas contemporáneas. A súa vontade é situar o concepto de residencia artística como unha ferramenta clave no desenvolvemento das políticas culturais en Galicia, poñendo no centro a práctica artística e protexendo as condicións necesarias para o desenvolvemento de proxectos de investigación e creación. Un dos principais valores do programa Residencias Paraíso reside na súa **rede de alianzas, estendida de norte a sur do territorio galego** e conformada por espazos de natureza diversa, desde teatros e centros culturais até espazos non convencionais. Esta pluralidade facilita a acollida das distintas fases dun proxecto artístico, desde a investigación e a escritura até o traballo dramatúrxico, a creación coreográfica ou as residencias de carácter técnico.

Este exercicio de diálogo e colaboración entre impulsores, coprodutores e espazos cómplices define a identidade propia deste programa e fai posible unha **nova edición que dará acollida até 10 proxectos en residencia, cun importe total de 25.000 €**.

ESPAZOS CONVO-CATORIA



O Vello Cárcere | Lugo

- O espazo de traballo é unha cela.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro do programa municipal.

Igrexa da Madalena – MIT | Ribadavia

- O espazo de traballo é unha igrexa.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.
- Esta residencia conta con aloxamento.

Casa da Cultura | Vimianzo

- O espazo de traballo é o escenario do Auditorio da Casa da Cultura.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro do programa municipal.
- Esta residencia conta con aloxamento.

Salón Teatro – Cidade da Cultura de Galicia | Santiago de Compostela

- Residencia combinada.
- Sala dotada para o traballo de corpo con luz natural durante dúas semanas.
- Permite residencia técnica dunha semana no Salón Teatro.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro do marco de REGA – Residencias Artísticas del Gaiás, Cidade da Cultura.

Pazo da Cultura | Carballo

- O espazo de traballo é unha sala polivalente con luz natural.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro do Festival FIOT 2026.

Convento de Santa Clara | Pontevedra

- O espazo de traballo é unha sala do convento.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro da Bienal de Artes Vivas de Pontevedra.

A Fábrica | Oleiros

- O espazo de traballo é o escenario do auditorio da Fábrica.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro do Festival Rúa Ext-cénica.

Pazo da Cultura | Narón

- O espazo de traballo é o escenario do teatro.
- Permite residencia técnica.
- Esta residencia darase de xeito combinado con outro espazo da rede.

Espazo RPM | A Coruña

- O espazo de traballo é unha sala con luz natural, equipada con cociña.
- Esta residencia darase de xeito combinado con outro espazo da rede.

Artistea | Ponteareas

- Os espazos de traballo son as salas do edificio Artistea coa posibilidade de uso doutros recintos municipais.
- A presentación do traballo en proceso sucede dentro do programa municipal.
- Esta residencia conta con aloxamento.

Illa San Simón | Redondela

- É o espazo onde se celebra o Encontro Paraíso 2025 e as residencias relacionadas, dentro dos espazos interiores e exteriores da illa.
- Estas residencias contan con aloxamento e manutención.

>

ARTIS–TAS

Vídeos Artistas Paraíso 2017-2025

Residencias Paraíso está dirixido a artistas de danza e artes vivas interesadas nas derivas do seu tempo e nos procesos contemporáneos de investigación e creación.

A convocatoria está aberta a **artistas de Galicia, do resto do territorio estatal e de Portugal**, con menor ou maior traxectoria, que precisen dun período de traballo intensivo arredor dun proxecto de investigación ou creación, cunha duración de dúas ou tres semanas, nalgún dos espazos da rede.

A comisión de valoración terá en conta a integridade artística da proposta, o seu grao de madurez e solidez, a relación co territorio e as prácticas de programación expandida que poidan acompañar a estancia durante a residencia.

Residencias Paraíso contará cunha comisión de valoración composta por tres profesionais convidadas e dúas persoas do equipo curatorial de RPM.

ENCON-
TRO ILLA
SAN
SIMÓN

Vídeo Encontro Paraiso 2025

O programa de Residencias Paraíso desenvólvese de maneira descentralizada polo territorio entre os meses de maio e outubro, período no que cada artista traballa de forma independente. Neste contexto, o Encontro Paraíso constitúe o único momento anual de coincidencia do conxunto de artistas residentes de cada edición.

O Encontro Residencias Paraíso 2026 celebrarase os días **18, 19 e 20 de setembro na Illa San Simón**, un enclave singular que, polas súas infraestruturas e contorna natural, ofrece as condicións idóneas para un encontro destas características. A súa configuración favorece a convivencia e propicia un tempo compartido que permite afondar nas dinámicas colectivas ao longo de tres xornadas.

O encontro conta coa presenza das artistas residentes en 2026 e doutras persoas profesionais convidadas. Ao longo do programa compártense as claves de cada experiencia en residencia e ábrese un espazo de reflexión colectiva arredor de cuestións transversais á comunidade artística.

CONDI—CIÓNS

Temporalidade

- As residencias desenvolveranse entre os meses de maio e outubro.
- A duración de cada residencia será de entre dúas e tres semanas.
- No formulario de inscrición deberán indicarse as datas idóneas e as datas comprometidas, co obxectivo de que RPM poida atopar o mellor encaixe entre a dispoñibilidade das artistas e a dos espazos da rede.

Dotación económica

- O importe total destinado a este programa é de 25.000 € (impostos incluídos).
- Cada proxecto en residencia contará cunha dotación económica de entre 1.500 e 3.000 € (impostos incluídos), en función das características do proxecto seleccionado (número de persoas implicadas, duración da residencia, etc.).
- Os gastos de aloxamento, desprazamento e manutención correrán a cargo das persoas residentes.
- Realizarase un primeiro pagamento do 50% ao inicio do período de residencia e un segundo pagamento do 50 % restante tras a celebración do encontro anual.

Espazos

- No formulario de inscrición poderán priorizarse os distintos espazos da rede, co fin de facilitar o encaixe entre as preferencias das artistas e a dispoñibilidade dos espazos.

Compromisos

- As persoas residentes deberán cumprir a normativa de uso específica de cada espazo anfitrión.
- Existirá unha presentación do traballo en proceso programada no espazo colaborador ao remate da estancia.
- Será necesario presentar unha memoria da residencia.
- Nos materiais de difusión do proxecto, presentes e futuros, deberá facerse constar a imaxe de RPM, da Xunta de Galicia, da AGADIC e do espazo anfitrión correspondente.
- Será obrigatoria a participación no encontro anual co resto de artistas residentes, que terá lugar os días 18, 19 e 20 de setembro de 2026 na Illa de San Simón.

PRO–CESO

Formulario de inscrición 2026

Prazos

- A convocatoria está aberta **entre o 16 de febreiro e o 8 de marzo de 2026**.
- A resolución da selección farase pública no mes de abril, unha vez confirmada co grupo de artistas seleccionado.

Selección

- A asignación do espazo de residencia para cada un dos proxectos seleccionados pola comisión realizarase tendo en conta as características fundamentais de cada proposta, así como a dispoñibilidade de datas da persoa ou colectivo solicitante e do espazo.
- O criterio de adxudicación procurará atender tanto á tipoloxía de espazo solicitada como ao período considerado idóneo para a residencia, sen que isto poida ser garantido.
- En función dos proxectos presentados e da dispoñibilidade dos espazos da rede, algunhas residencias poderán quedar desertas.

Documentación necesaria

- Documento que recolla os detalles da investigación ou do proxecto a realizar, así como a traxectoria das persoas implicadas.
- Deberán indicarse, se é o caso, outras colaboracións ou apoios cos que conte o proxecto.
- Agradécese concreción.
- O documento deberá incorporarse ao formulario de inscrición en liña mediante unha ligazón de descarga.
- Admitiranse documentos en galego, español, portugués ou inglés.

Sesión informativa

- O martes **3 de marzo ás 12.00h**, RPM realizará unha sesión informativa *online* aberta, para resolver dúbidas ou cuestións específicas sobre a convocatoria.
- Podes sumarte nesta ligazón: https://meet.google.com/hfy-zboq-dxr

>

CRUCEI-ROS

Cruceiros Paraíso é un capítulo expandido do programa Residencias Paraíso que serve para tecer pontes con outros contextos e continuar apoiando o tecido artístico galego máis alá da convocatoria anual. Atopa na mobilidade, no contaxio con outros territorios e na contaminación entre artistas a súa razón de ser. Deste xeito, distintas artistas tiveron a oportunidade de coñecer outros territorios e achegarse a realidades diversas ao longo dos últimos anos.

Cruceiros Paraíso concíbese como un proceso aberto ao longo de todo o ano, orientado a xerar oportunidades de apoio para artistas da nosa comunidade que precisen desprazarse a outros territorios, favorecendo o cruce entre artistas e proxectos de dentro e fóra da península. Grazas á colaboración con distintas institucións coas que traballamos de maneira continuada, é habitual incorporar a este programa expandido proxectos que, malia quedar fóra da selección da convocatoria anual de Residencias Paraíso, resultan de especial interese.

RPM

Colectivo RPM é un colectivo de artistas vencellados á danza e as artes vivas que imaxina, deseña e acompaña distintos proxectos contextuais desde Galicia. Manteñen un claro compromiso polo diálogo interinstitucional e o impulso de iniciativas ao redor da creación contemporánea, a investigación e a visibilidade da comunidade artística da danza e as artes vivas. Ademais do acompañamento de artistas e procesos, o colectivo tamén xera diálogos e accións coas comunidades locais para achegar a práctica artística á cidadanía.

EQUIPO PARAÍSO

Caterina Varela	Dirección
Félix Fernández	Coordinación
Alexis Fernández	Produción
Rut Balbís	Asistencia RPM
Vicente Conde	Administración
Sara Traba & Maider Jiménez	Vídeo
Luisa Castiñeira	Prensa

Residencias Paraíso é un proxecto de **Colectivo RPM** en colaboración coa **Xunta de Galicia**, a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**

Está co-producido polo **Concello de Lugo, Concello de Vimianzo, Concello de Carballo, Concello de Oleiros, Concello de Ponteareas, Concello de Ribadavia, Deputación de Pontevedra** e **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

E conta coa colaboración de: